

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E ANNA TURBAU PARA A CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DOS FONDOS FOTOGRÁFICOS DE GALICIA NO ARQUIVO FOTOGRÁFICO TITULARIDADE DESTA ÚLTIMA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar con Anna Turbau o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia indefinido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A determinación das condicións polas que se rexerá a colaboración entre Anna Turbau e o Consello da Cultura Galega para a cesión, conservación e difusión dos fondos fotográficos da súa autoría referidos a Galicia ao Consello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que Anna Turbau é autora e titular dunha ampla obra fotográfica que reflexa moi diferentes aspectos da vida social, rural, e política da Galicia do século XIX.

Que o Consello da Cultura Galega está interesado na conservación e difusión destes fondos fotográficos.

Que ambas partes están interesadas no establecemento dun marco común de colaboración que permita unha adecuada conservación e difusión do arquivo fotográfico titularidade de Anna Turbau, mediante a súa cesión ao Consello da Cultura Galega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 19 de xuño de 2017.